

Avaliación Externa



Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego

ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. Obxectivos da avaliación	2
1.2. Dimensión da avaliación	2
1.3. Metodoloxía empregada.....	3
1.4. Condicionantes e límites desta avaliación	4
2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN	6
3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN	8
3.1. Eficacia da intervención	8
3.2. Impacto da intervención	25
4. CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓN	41
5. ANEXO 1: MODELOS DE CUESTIONARIO PARA ALUMNADO	45

1. INTRODUCCIÓN

1.1. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

O obxectivo principal deste texto é presentar os resultados da avaliación do proxecto “*Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego, EpD-CpD VII*”, realizado a petición do consorcio das ONGD Asemblea de Cooperación Pola Paz -ACPP- e Asociación Galega de Reporteiros Solidarios -AGARESO-.

En concreto, tratarase de analizar o proceso de execución do programa con fin de identificar tanto as súas fortalezas como os seus puntos de mellora, establecendo unha sorte de *feedback* que permita o axuste do programa de cara a futuras intervencións.

Ademais, fíxanse os seguintes obxectivos secundarios:

- ✓ Establecer o nivel de eficacia da intervención, así como o grao de consecución de obxectivos e resultados utilizando a matriz do marco lóxico deseñada na súa formulación.
- ✓ Medir o impacto relativo no alumnado da intervención realizada, a partir dunha análise ex-ante (información recollida na liña base do proxecto) e ex-post á intervención.
- ✓ Observar e medir as posibles fendas de xénero que poidan existir entre a poboación beneficiaria.
- ✓ Formular as recomendacións pertinentes de cara a favorecer posibles melloras na execución e no impacto relativo de futuras edicións do proxecto.

1.2. DIMENSIÓN DA AVALIACIÓN

Segundo a proposta das entidades contratantes, este estudo abarca un total de 4 centros participantes no proxecto iniciado en 2017: IES Milladoiro, IES Laxeiro, CPR Vilas Alborada e CEIP López Ferreiro. Así, a mostra seleccionada engloba ao 44% dos centros educativos, quedando representado o alumnado de educación infantil e primaria (CPR Vilas Alborada e CEIP López Ferreiro) e educación secundaria (IES Milladoiro e IES Laxeiro).

O período temporal no que se enmarca a avaliación é de 15 meses: dende o 1 de setembro de 2017 ata o 30 de novembro de 2018. A execución das actividades directas co alumnado nas aulas correspóndese co curso académico 2017-2018.

Por último, o sector de actuación que delimita o estudo é, tendo en conta o documento do proxecto, o de “Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento” (CRS 99820).

1.3. METODOLOXÍA EMPREGADA

Neste estudo utilizaranse para a recollida de información ferramentas da investigación social cualitativa e cuantitativa, co fin de acadar unha visión panorámica global da execución do proxecto. As fontes empregadas para tal fin son as que seguen:

A **información secundaria** empregada obtense da análise da documentación do proxecto entregado pola entidade, a saber: a formulación inicial, os informes de seguimento e final entregados á entidade financeira, o plan de comunicación, o plan de seguimento, o informe de liña base, os materiais do proxecto (contos, guías didácticas,...) e a documentación acreditativa das fontes de verificación. Tamén revisouse a web do proxecto (<http://www.agareso.org/esr/>), así como as canles empregadas por AGARESO para a difusión dos produtos dos obradoiros de comunicación (para radio, a súa conta de iVoox¹; para televisión, a súa conta de Youtube²).

A **información primaria** recolleuse a través de:

- Realización de entrevistas semiestruturadas ao persoal técnico de AGARESO e ACPP e ao profesorado implicado na coordinación do proxecto nos centros (2 entrevistas no CEIP López Ferreiro, a 2 profesoras de infantil e primaria; 3 entrevistas no IES Laxeiro, 1 á orientadora e 2 a docentes; 2 entrevistas no CPR Vilas Alborada, a unha profesora e á directora; 2 entrevistas no IES Milladoiro, 1 á orientadora e outra ao director do centro). Así mesmo, realizáronse entrevistas ao persoal responsable das actividades (3 monitoras).
- Emprego da enquisa deseñada para a Liña Base co obxecto de posibilitar a análise comparada dos datos recollidos. Esta levouse a cabo sobre unha mostra de 39 estudantes de infantil (16 nenas e 23 nenos), 20 de primaria (13 nenas e 7 nenos) e 40 de secundaria (23 rapazas e 17 rapaces). O cuestionario está adaptado para cada un dos tres niveis educativos (infantil, primaria e secundaria), modificando a formulación dos enunciados á súa capacidade de comprensión (e reducindo os ítems no caso de infantil).

No anexo 1 recóllense os tres modelos de cuestionario para cada etapa educativa.

¹ Dispoñible en https://www.ivoox.com/podcast-escolas-sen-racismo_sq_f1268321_1.html

² Dispoñible en https://www.youtube.com/watch?v=zzSGrkF0MX4&list=PLJH9NssXRdAyIgr8IINbf_PRnVbpNW_S

1.4. CONDICIONANTES E LÍMITES DESTA AVALIACIÓN

Os elementos que condicionan en maior medida os resultados desta avaliación son os seguintes:

① En primeiro lugar, o momento temporal no que se realizan as visitas aos centros limita significativamente este estudo. Realizar o traballo con alumnado e profesorado no primeiro trimestre do curso 2018-2019, cando a maioría das actividades desta intervención son do curso 2017-2018, pode influír nas súas respostas por:

- × Hai alumnado que xa non está nos centros ao ter rematado os seus estudos. Nalgúns casos tamén se identifica que os grupos de aulas cambian, resultando máis complexo organizar as visitas nos centros. Por exemplo, un grupo-aula que participou o curso pasado pode agora estar repartido en dúas ou tres aulas diferentes.
- × O tempo transcorrido desde a participación na actividade é demasiado longo e o recordo da mesma é menor.
- × Ademais, atendendo ao profesorado, elas e eles están traballando no inicio da execución da nova edición do proxecto, polo que lles resulta máis difícil focalizar as respostas na intervención do curso anterior.

Somos conscientes de que este condicionante non é de responsabilidade exclusiva das ONGD coordinadoras xa que, en gran parte, os tempos, a organización e a dispoñibilidade dos centros educativos é o factor determinante. Así mesmo, os diferentes tempos empregados pola entidade financeira (que se move por anos naturais) e polos centros educativos (que se organizan en base a cursos académicos) dificultan a execución e organización deste tipo de actuacións.

② En segundo, a selección da mostra de centros para a avaliación é reducida. Inicialmente estableceuse de forma consensuada entres as ONGD consorciadas e a empresa avaliadora chegar ao 44% dos centros participantes. Posteriormente, e debido ás dificultades do profesorado para captar ao alumnado obxectivo, esta mostra non se considera suficiente.

Se ben somos conscientes de que as ONGD non son completamente responsables desta situación, é recomendable mellorar a selección de centros e alumnado participante na avaliación, por exemplo, escollendo ao alumnado que se implicou nun maior número de accións do Escolas Sen Racismo durante o curso académico avaliado.

Debido a factores económicos e prazos temporais, nesta avaliación non era viable ampliar de xeito notable esta mostra. Non obstante, para o futuro, e tendo en conta que nas últimas avaliacións participaron practicamente os mesmos centros, recoméndase realizar a lo menos unha avaliación global na que se inclúa a totalidade de centros e se aumente a porcentaxe de alumnado contactado.

③ Por último, sinalar que o traballo de avaliación co alumnado de educación infantil é complexo e os resultados quizais non son o máis axustado á realidade. O momento evolutivo no que se atopan non permite que esta valoración a fagan individualmente. Deste xeito, a axuda da persoa adulta no proceso pode interferir nos resultados, sendo sesgadas as respostas por diferentes variables subxectivas como poden ser: a interpretación dos enunciados, opinións do resto do grupo, a presenza da profesora (debido ao gran peso afectivo desa figura nesas idades), etc.

Para reducir este factor, o proceso de avaliación deseñado para este grupo de alumnado sempre é adaptado ás súas idades. As visitas aos grupos de infantil sempre se fan por dúas persoas: unha dinamiza a sesión e outra focalízase no relato das respostas. Así mesmo, a maiores de adaptar as preguntas, na aula o cuestionario se presenta de maneira grupal en forma de xogo (probamos dúas modalidades diferentes, unha delas empregando como opcións de respostas emoticonos que representaban o acordo e o desacordo). Non obstante, no transcurso da actividade de avaliación as cativas e cativos rematan por situarse en comparación ao resto e o efecto espello fai que moitas veces todas e todos respondan o mesmo sen reflexionar individualmente.

Neste senso, o mellor xeito de aumentar o rigor na recompilación de información neste grupo de idade sería realizar o cuestionario de xeito individual. Non obstante, sabemos que esta non é unha opción viable por cuestións económicas, de tempo e tamén de organización dos centros. Por elo, recomendamos manter o procedemento actual pero sendo conscientes de que a interpretación dos resultados do alumnado de infantil debe servir como orientación e non para realizar afirmacións categóricas.

2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN

A financiación do proxecto por parte do consorcio ACPP-AGARESO acadouse mediante a convocatoria de educación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia no ano 2017. A colaboración ACPP-AGARESO conta cunha extensa traxectoria previa na execución desta intervención, xa que dende o 2011 conseguiron financiamento de xeito ininterrompido en idénticas convocatorias.

No ámbito da Educación para o Desenvolvemento, e segundo a súa formulación, este proxecto está orientado cara a tres das súas catro dimensións: a sensibilización, a educación-formación e a participación-mobilización social. Preténdese contribuír a fomentar e fortalecer un clima de tolerancia, solidariedade, democracia e respecto, dende unha conciencia crítica e a pluralidade.

Ficha resumo da intervención

TÍTULO:	<i>Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego, EpD-CpD VII</i>		
ONGD SOLICITANTE:	<i>Asemblea de Cooperación pola Paz, ACPP</i>		
ONGD AGRUPADA:	<i>Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO</i>		
PAÍS:	<i>España, Galicia</i>	ORZAMENTO:	<i>47.920,03 €</i>
FINANCIADORA:	<i>Xunta de Galicia</i>	SUBVENCIÓN:	<i>45.000,00 €</i>
INICIO:	<i>1 setembro 2017</i>	FINALIZACIÓN:	<i>31 agosto 2018</i>
PRÓRROGA:	<i>3 meses de execución (aprobada pola Xunta de Galicia). Data finalización: 30 novembro 2018</i>		
SECTOR:	<i>Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento, CRS 99820</i>		
OBXECTIVO XERAL:	<i>Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia.</i>		

A base desta intervención é o programa Escolas Sen Racismo, para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EPD) que ACPP promove a nivel estatal. ESR-EPD é un movemento europeo que nace co obxectivo de converterse nunha ferramenta útil para poder traballar a educación intercultural e non racista nas aulas, conformando unha rede de centros que supera os 600 a nivel europeo e os 250 a nivel estatal. ACPP desenvolve este proxecto dende 2007 coa financiación da Xunta de Galicia. As actividades de comunicación para o desenvolvemento engadíronse a partir de 2011, ano no que ACPP e AGARESO comezaron a traballar conxuntamente como agrupación de entidades.

No curso 2017-2018, o programa abarca todos os niveis do sistema educativo galego. Nos centros de educación infantil, primaria e secundaria empréganse os materiais do ESR-EPD, á súa vez complementados con diversas actividades e obradoiros (como os obradoiros de comunicación para o desenvolvemento). Nos centros universitarios, o esforzo céntrase en dúas accións formativas principais: o *Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional* na USC (que conta xa con oito edicións) e o *Curso de Introducción á Cooperación e Educación para o Desenvolvemento* na UDC.

Os centros de infantil, primaria e secundaria participantes no programa no curso 2017-2018 son os seguintes:

- IES Laxeiro (Lalín).
- IES Milladoiro (Ames).
- CEIP López Ferreiro (Compostela).
- CPR Vilas Alborada (Compostela).
- IES Gonzalo Torrente Ballester, (Pontevedra).
- IES Xulián Magariños (Negreira).
- CEIP Apóstolo Santiago, (Compostela).
- CEIP A Lomba (Vilagarcía).
- IES de Brión (Brión), incorporado durante a segunda anualidade da intervención.

Ao inicio do curso académico, cada un dos centros elixe as actividades, obradoiros e materiais que mellor se adaptan ás súas necesidades ou as que lles xeran maior interese de entre todo o abano que oferta o proxecto. A planificación flexible das actividades seleccionadas (así como dos tempos necesarios para a súa realización) é elaborada posteriormente de xeito personalizado, polo que cada intervención resulta adaptada á realidade específica do centro en cuestión. Esta flexibilidade é unha característica diferenciada do proxecto, permitindo complementar as accións que os centros xa teñen en marcha ou adaptando as temáticas ás necesidades específicas de cada centro.

Un pilar fundamental no deseño do proxecto é proporcionar ao profesorado implicado novas ferramentas que lles permitan traballar os diversos temas de xeito proactivo co alumnado que cada ano pasa polas súas aulas. A intención é garantir que a intervención sexa sostible, chegando a producir unha sorte de efecto multiplicador.

Máis aló da continuidade das accións das pasadas edicións, algúns dos elementos característicos deste curso pasan pola aposta por consolidar a liña de acción sobre mediación escolar entre iguais, por continuar a aposta por incluír ás familias no Escolas Sen Racismo ou pola elaboración dun novo materia de xeito colaborativo nos centros (a Axenda Escolar Feminista).

3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN

3.1. EFICACIA DA INTERVENCIÓN

➤ **RESULTADO 1.** *Facilitados recursos e ferramentas educativas para a reflexión e a análise das realidades, global e local, interculturalidade, a resolución pacífica dos conflitos, xénero e participación cidadá en 8 comunidades educativas galegas* ⇐

En termos xerais, pode considerarse que no desenvolvemento da intervención foron facilitados recursos e ferramentas educativas para a reflexión e a análise das diferentes temáticas establecidas en 9 centros educativos galegos.

Atendendo ao cumprimento de indicadores, obsérvase unha fortaleza maior naquelas accións cuxa execución é responsabilidade dunha entidade externa aos centros (obradoiros, formacións). Nos indicadores relacionados con facilitar recursos didácticos ao profesorado, para que sexan elas e eles quen traballe as temáticas nas súas aulas, o cumprimento é menor (indicadores 8, 9, 10 e 11). Neste eido, durante as visitas aos centros evidénciase que ACPP entrega todo os materiais necesarios e en tempo, incorporando as suxestións dos centros tras acadar edición do proxecto (algo que valoran moi positivamente). Cabe mencionar que a gran maioría de profesorado entrevistado demostra que coñece algún dos materiais entregados e as súas valoracións son en todos os casos sumamente positivas, tanto en relación aos contidos como ao enfoque didáctico. Practicamente todas e todos eles afirman que son un recurso útil que pode empregarse nas aulas sen dificultade por calquera docente con interese.

Ao mesmo tempo, constátase que o emprego dos mesmos é desigual e inestable en función do centro e do curso académico. A maioría do profesorado opina que o emprego ou non do material depende da vontade (e dispoñibilidade) de unha ou dúas persoas do centro. Durante as entrevistas realizadas, coinciden en destacar a dificultade para fomentar a implicación dun maior (ou máis variado) número de docentes na utilización dos materiais nas aulas, normalmente atribuída a cuestións de organización interna do centro ou á limitación de tempo (factor fóra do ámbito de influencia das ONGD).

Sinalar tamén que, no transcurso das entrevistas ao persoal docente, percibimos claramente que tampouco teñen un mecanismo para recoller ou sistematizar a utilización destes materiais no seu centro. Frases como *"si, envieille o material a tales profes e dixéronme que estaban ben... pero realmente non sei se ao final o empregaron o non"* son comúns en moitos centros e fan pensar que sería interesante establecer un mecanismo de seguimento para coñecer con máis detalle o impacto desta liña de acción. Instrumento que deberá

consensuarse entre os centros e as ONGD, pero sempre coa orientación do profesorado xa que ninguén mellor que elas e eles para establecer este mecanismo interno de centro.

Por último en relación a isto, solicitóuselle ao profesorado entrevistado que sinalara algunha proposta de mellora para fomentar o uso destes materiais nas aulas mais, na maioría de casos, non saben exactamente como se podería facer. O que si teñen claro, e coinciden, é o que non funciona e pode resumirse nesta opinión dunha profesora: *"O material pódese traballar todo. Isto é todo problema de tempo e que os profes se impliquen. E que non sexa sempre eu, que haxa máis xente involucrada"* (asumindo, así, a súa responsabilidade como centro e apuntando á idea de que é un factor externo ás ONGD).

En canto as propostas para melloralo, en dous centros coinciden en sinalar como posible opción reforzar a presenza das ONGD para a captación de máis profesorado. Así, comentan que o bo sería que *"veñan desde ACPP e se reúnan cos profes para explicarlles que se vai a facer (ao longo do curso) e presentar os materiais"* ou *"para min sería moi interesante que forades vós (refírense a ACPP) quen vos presentarades e facer unha reunión explicando o proxecto e os materiais, pero que non sexa unha reunión de (nome seu), que sexa unha reunión dun organismo que ven de fóra e se presenta. Despois veremos o resultado, iso nunca o fixemos"*³. Este tipo de comentarios non levan aparellados ningún tipo de descontento co traballo realizado por ACPP. Pola contra, todas e todos eles afirman que a súa satisfacción coa relación mantida ao longo do curso coa entidade é excelente, valorando moi positivamente o trato, proximidade e capacidade de resposta que amosan durante todo o ano. En relación a isto, ao revisar as avaliacións anteriores do proxecto, percíbese unha tendencia estable ao longo tempo en canto á excelente valoración que manifesta o profesorado sobre a coordinación con ACPP (unha fortaleza, sen dúbida, do Escolas Sen Racismo que, ademais, corrobórase co alto nivel de permanencia dos centros no proxecto ano tras ano).

En relación ás actividades realizadas por entidade externas, cabe sinalar a experiencia de adaptar o obradoiro de xénero ao público de educación primaria, proposta de algún profesorado recollida na avaliación externa da pasada edición e que foi atendida polas entidades consorciadas (algo que evidencia a planificación conxunta e consensuada entre os actores implicados). Esta actividade foi impartida no grupo de 5º e 6º de primaria do CEIP Vilas Alborada e a profesora entrevistada manifesta unha alta satisfacción co resultado da intervención. Comenta que *"a dinámica foi moi atractiva e as reflexións despois que fixeron,*

³ Preguntando a ACPP sobre esta cuestión, afirman que ofrecen todos os anos un servizo de apoio para o uso dos materias pero que os centros non o demandan. Apuntan á dificultade de tempos e horarios do profesorado para cadrar xuntanzas, algo que coincide tamén coa opinión do profesorado. Non obstante, a súa dispoñibilidade e apertura é total para isto.

unha vez que rematou o obradoiro, estiveron moi ben". Por elo parece evidente que a aposta por achegar esta temática ao alumnado de primaria foi acertada e sería interesante continuar por esta liña no futuro.

A continuación inclúese a análise detallada de cada un dos indicadores deste resultado segundo o documento de formulación.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1.1. Ao 10º mes, 8 centros de ensino non universitario participan nas actividades do proxecto ESR, EPD durante o curso 2017-2018.	ALTO	Finalmente, nesta edición de ESR, EPD participaron 9 centros educativos segundo os certificados dos centros correspondentes.
IOV1.2. Ao 10º mes, polo menos, 200 alumnos/as de educación primaria e 600 alumnos/as de educación secundaria de 8 centros de ensino reciben sensibilización sobre actitudes que faciliten o respecto ás e aos demais, interculturalidade e a igualdade de xénero dentro e fóra das aulas.	ALTO	Para a revisión do número de alumnado participantes empréganse os certificados entregados polos centros e a sistematización entregada pola entidades coordinadoras. As cifras amosan que participaron 226 estudantes de educación primaria (50% rapazas) e 992 de educación secundaria e FP (51% rapazas) pertencentes a 9 centros educativos.
IOV1.3. Ao 10º mes, polo menos 24 docentes e 900 mozas e mozos realizan de xeito estable actividades solidarias en 8 centros educativos durante o curso 2017-2018.	ALTO	En relación ao alumnado, como xa se menciona no IOV1.2, participaron un total de 1.287 estudantes (50% rapazas) de 9 centros educativos. En relación ao profesorado implicado, non se conta con fonte verificable do dato exacto. Pódese confirmar que nos centros visitados durante a avaliación, 4 centros, afirman que un total de 21 docente están implicadas e implicados en maior ou menor medida. Normalmente hai entre 1 e 3 persoas máis implicadas e o grupo de titoras/es das aulas que participan.
IOV1.4. Ao mes 10º, 20 intervencións de teatro foro sobre xénero, interculturalidade e prevención de conflitos implementadas en 8 centros.	ALTO	Neste curso desenvolvéronse 17 sesións, de 50 minutos, de Teatro Foro nun total de 6 centros (concordando os datos dos certificados dos centros e da empresa responsable desta actividade). A temática fundamental a traballar nestas sesións foi interculturalidade, tocando tamén conceptos como estereotipos e prexuízos, maltrato e bullying, respecto,... Así mesmo, as outras 3 sesións contratadas de Teatro Foro foron impartidas no Seminario de Xornalismo Social e Cooperación para dinamizar a sesión do 18 de abril 2018.

<p>IOV1.5. Ao 9º mes, polo menos 18 mozos/as do IES Laxeiro (cando menos a metade rapazas) e 3 docentes participan nun ciclo de reciclaxe en Mediación Escolar de 10 horas.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Debido a que parte do alumando do Equipo de Mediación do centro rematou os seus estudos, nesta formación participaron 13 rapazas e 2 ou 3 docentes.</p> <p>Non se conta cunha fonte obxectiva que verifique o número de asistentes nin a duración. Nas entrevistas a docentes confirmouse o alumnado participante pero non así a duración. Elas comentan que foi unha sesión de tarde (fóra do horario lectivo), polo que moi probablemente serían entre 3 e 5 horas de formación.</p> <p>Así mesmo, ao final do curso realizouse outra actividade formativa de 2 horas de duración.</p>
<p>IOV1.6. Ao 10º mes de execución do proxecto, implementado un encontro de transferencia de experiencias nos centros IES Laxeiro e IES Xulián Magariños.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Realizado o 20 de marzo de 2018 en Lalín. Así se recolle na memoria da actividade entregada pola empresa responsable desta actividade e o confirma o profesorado entrevistado do IES Laxeiro (quen o valora moi positivamente).</p>
<p>IOV1.7. Ao 10º mes, polo menos 38 mozas e mozas do IES Laxeiro (Lalín) e IES Xulián Magariños (Negreira) participan dun Encontro de Transferencia de experiencias.</p>	<p>MEDIO-ALTO</p>	<p>Segundo a sistematización propia de ACPP, participaron un total de 27 estudantes de ambos institutos (82% rapazas).</p>
<p>IOV1.8. Ao 10º mes, polo menos 100 alumnos/as de educación infantil reciben sensibilización sobre diversidade, xénero e solidariedade.</p>	<p>MEDIO-ALTO</p>	<p>Cos mesmos medios empregados que para a revisión do IOV1.2, pode afirmarse que participaron un total de 69 estudantes de educación infantil (55% rapazas) de 2 centros educativos (CPR Vilas Alborada e CEIP López Ferreiro) nesta edición do proxecto. Este grupo de alumnado traballou cos "Contos Solidarios".</p>
<p>IOV1.9. Ao 10º mes, 3 Contos Solidarios ilustrados polo alumnado de infantil e editado e difundido o material.</p>	<p>MEDIO</p>	<p>Editouse 1 Conto Solidario ("<i>Xuemín e os Tulou</i>") ilustrado polo alumnado de 6º de infantil do CPR Vilas Alborada.</p> <p>No CEIP A Lomba traballaron, nas sesións de valores sociais e cívicos, o conto "<i>Gargalladas de Mel</i>". Nesta ocasión, en lugar de editarse, o profesorado elaborou un vídeo no que se recollen estes debuxos realizados polo alumnado (dispoñible en https://www.youtube.com/watch?v=mDdB6GoxTk). E o resumo do desenvolvemento desta actividade queda recollido no blog do centro (http://medrandonalomba.blogspot.com/2018/05/contos-transformadores.html)</p>

IOV1.10. Ao 10º mes, polo menos, 8 centros educativos reflexionan sobre prexuízos co material Mira ti.	MEDIO	Segundo os certificados dos centros, este material didáctico foi empregado en 4 centros. Destes 4 centros, durante a avaliación externa foron visitados 3. Un deles manifestou que, por motivos persoais da profesora responsable (baixa laboral), durante o curso non traballaron con este material.
IOV1.11. Ao 10º mes, polo menos 8 docentes de secundaria traballan co material DPC “Xénero” e “Migrantes e Refuxio” e “Democracia e Participación”.	BAIXO	2 centros manifestan ter empregado os materiais "De Profesión Cidadán" durante o curso. Así, no IES Laxeiro empregaron os das temáticas de xénero, comercio xusto e democracia e participación. No IES Xulián Magariños, pola súa banda, traballaron coa temática de xénero e a de comercio xusto. Non se realiza un seguimento nos centros para sistematizar o número de profesorado que efectivamente emprega o material nas súas aulas.
IOV1.12. Ao 10º mes, polo menos 3 representantes da política e dos movementos sociais visitan os centros da Rede Escolas Sen Racismo.	NULO	Os esforzos destinados a este tema non se chegaron a materializar na consecución destas visitas. O consorcio de ONGD xustifican este feito a factores externos (como recollen e explican tamén no informe final presentado á Xunta de Galicia).
IOV1.13. Ao 10º mes, realizadas polo menos 12 obradoiros de prevención de violencia de xénero coa participación de 300 alumnas e alumnos.	ALTO	Segundo as memorias da persoa responsable desta actividade, foron realizados 13 obradoiros de identificación e prevención da violencia de xénero en 5 centros educativos. A duración destes obradoiros é de 100 minutos (nalgúns casos nunha única sesión, noutros en 2 sesións de 50 minutos). Información que concorda coa aportada polos propios centros. Nos certificados de participación dos centros non se recolle o número de alumnado por actividade e, neste caso, empregouse tamén a sistematización de actividades entregada polas entidades coordinadoras. Así, a cifra total de alumnado participante nestes obradoiros chega a 274 (acadando o 91% do inicialmente establecido).

<p>IOV1.14. Ao finalizar o proxecto, deseñada e distribuída unha axenda escolar feminista para o curso 2018-2019 coa participación de 8 centros de ensino da Rede Escolas sen Racismo.</p>	<p>ALTO</p>	<p>A elaboración da "Axenda escolar feminista" foi traballada en 7 centros: 3 de educación infantil e primaria e 4 de secundaria. Posteriormente realizouse a maquetación da mesma e foi enviada, en formato dixital, aos centros. Seguindo a formulación do proxecto, a responsabilidade da impresión e distribución da mesma corresponde a cada centro. Unha excepción foi o CEIP Apóstolo Santiago que, ao manifestar que non contaba con recursos para os gastos de impresión, o proxecto facilitoulle varios exemplares físico para a súa distribución.</p> <p>Dos 4 centros visitados, só o IES Milladoiro afirma que imprimiu a Axenda e entregou a todo o seu alumnado de 1º da ESO do curso 2018-2019 (este centro conta cunha partida orzamentaria xa reservada tradicionalmente a unha axenda para o alumnado de nova incorporación).</p>
<p>IOV1.15. Ao 10º mes, aumento da sensibilización do profesorado e das familias de polo menos 3 centros educativos sobre valores fundamentais.</p>	<p>MEDIO</p>	<p>En relación ao traballo coas familias, no marco deste proxecto desenvolveuse un obradoiro de 2 horas para as ANPAS de Milladoiro sobre "educar en positivo e educación emocional". Segundo a listaxe de sinaturas participaron 30 nais e pais (93% de nais), 1 profesora e 1 profesional do sector. Así mesmo, a actividade de traballar a Axenda Escolar Feminista contou coa implicación activa da ANPA do CEIP Apóstolo Santiago.</p>

No marco de análise deste resultado, ademais de recompilar as opinións de alumnado, profesora e ONGD coordinadores, parece relevante incorporar a visión das entidades externas contratadas para a impartición de moitas das actividades aquí recollidas. Así, entrevistamos a unha representante de Atalaia Social, outra de Feitoría Verde e a Monse Vilar (como formadora dos obradoiros de xénero).

As tres persoas están de acordo en valorar positivamente a coordinación con ACPP e unha delas recoñece que se mellorou en relación ao ano anterior ao contar a ONGD cunha persoa máis de apoio na sede.

Dúas das entidades manifestan que podería ser positivo realizar algunha xuntanza con todo o equipo involucrado no Escolas Sen Racismo para comparar enfoques e complementar accións (xa que as sesións son breves e as temáticas das diferentes actividades están moi relacionadas). Curiosamente estas dúas persoas son as que demostran ter un coñecemento xeral do que é o proxecto, a terceira recoñece que non o coñece máis aló da súa actividade concreta.

Dúas das tres monitoras entrevistadas comentan que, en moitos casos, cando chegan ás aulas o alumnado non está informado sobre a actividade que van desenvolver (e en poucos casos perciben a sesión como parte dun programa máis amplo). Este factor parece relevante e apunta a traballar no futuro na difusión do Escolás Sen Racismo como un todo entre o alumnado, mellorando a comprensión da súa finalidade e ampliando a visibilidade do proxecto nos centros.

Por último, como propostas de mellora as monitoras destacan:

- × ampliar na medida do posible a duración das sesións (aínda que son conscientes e coñecedoras das dificultades que isto supón).
- × hai quen manifesta que as aulas algunhas veces non permiten o desenvolvemento da dinámica, destinando os minutos iniciais a colocación de mesas e cadeiras. Se podería trasladar ao profesorado responsable as necesidades específicas de cada obradoiro para aforrar eses 5-10 minutos iniciais, sendo difícil garantir que a profesora ou profesor correspondente teña en conta estas recomendacións.
- × unha das monitoras propón un proceso de reflexión interno para valorar se estas actividades son realmente as que necesitan ou queren ou como se podería reorientar o enfoque. Evitando que os centros o fagan *"por facer porque se fai todos os anos"*.

Pola súa parte, as ONGD coordinadoras afirman que se está a traballar neste proceso de construción dunha visión conxunta de todas as entidades implicadas no proxecto. Ao igual que pasa cos centros, ás veces resulta complexo cadrar os tempos de todas elas. Non obstante, si solicitan ao comezo do curso que cada entidade faga chegar as súas propostas para telas en conta no momento de planificar o proxecto.

➤ RESULTADO 2. Melloradas e aplicadas as capacidades do alumnado de 4 centros educativos (primaria e secundaria) en materia de comunicación para o cambio social para a creación dos seus propios discursos críticos ⇐

Tras a análise das accións englobadas neste resultado e dos indicadores establecidos na formulación do proxecto, como se observa na táboa seguinte, considérase o resultado 2 acadado con éxito durante o curso 2017-2018.

Os indicadores definidos son pertinentes e coherentes co resultado agardado e foron alcanzados totalmente, agás os indicadores 3 e 6 que non chegan ao 100% pero experimentan unha moi boa satisfacción. Estes dous indicadores fan referencia á elaboración dos produtos

audiovisuais por parte do alumnado durante a súa participación nos obradoiros. Neste senso, consideramos que o feito de editar 7 vídeos en lugar de 10 ou 2 pezas de radio en lugar de 3 non inflúe negativamente na consecución do resultado. Máis se temos en conta a calidade reflexada no conxunto de produtos elaborados durante todos os obradoiros, a cal apunta a que o alumnado mellorou e, por suposto, puxo en práctica as súas capacidades na materia tratada⁴.

Por último, en relación a este resultado é interesante destacar, como novidade desta edición, a aposta pola sistematización das actividades nas guías didácticas. Estas poden considerarse ferramentas útiles para que o profesorado interesado comece a traballar as temáticas e as ferramentas no seu día a día na aula.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV2.1. Ao 10º mes, polo menos 30 alumnos/as de educación primaria (cando menos a metade rapazas) e 30 alumnos/as de secundaria (cando menos a metade rapazas) participan en 4 obradoiros de comunicación.	ALTO	Segundo as listaxes de sinaturas de cada un dos obradoiros, en primaria participaron un total de 43 estudantes (54% rapazas) e en secundaria foron 57 estudantes (46% rapazas).
IOV2.2. Ao 10º mes, realizados 4 obradoiros de comunicación (radio, TIC, TV e animación) de entre 4 e 6 sesións, de 2 horas de duración cada unha.	ALTO	Realizados 5 obradoiros de comunicación: no CEIP Apóstolo Santiago un obradoiro de radio (4 sesións), no CPR Vilas Alborada un obradoiro audiovisual de <i>stop motion</i> (6 sesións), no IES de Brión dous obradoiros educomunicativos "Youtubers para o cambio social" (de 2 sesións cada un), no IES Milladoiro un obradoiro audiovisual "Documental Milladoiro" (6 sesións).
IOV2.3. Ao 10º mes, polo menos 3 pezas de radio editadas e difundidas pola rede de centros ESR, EpD.	MEDIO-ALTO	Editadas 2 pezas de radio relacionadas coa temática ambiental (Radio Natura) e publicadas na canle de ivoox de Agareso.
IOV2.4. Ao 10º mes, polo menos 1 reportaxe audiovisual editada e difundida pola rede de centros ESR, EpD.	ALTO	Sen observacións. Reportaxe audiovisual editado, publicado na canle de Youtube de Agareso e difundido a través das redes sociais das entidades do proxecto.

⁴ Neste senso, recomendamos a calquera persoa interesada neste resultado a revisión, a modo de exemplo, dos contidos vinculados ao obradoiro de comunicación no CPR Vilas Alborada. Na canle de Youtube de Agareso pódese revisar o vídeo de *stop motion* sobre o conto "A orella esquerda de Lea", así como o vídeo resumo das sesións (a modo de *making of*). E pódese complementar esta revisión co repaso da guía didáctica elaborada tras este obradoiro.

IOV2.5. Ao 10º mes, polo menos 1 conto animado en <i>stop motion</i> e locutado polo alumnado para uso de sensibilización nos centros ESR, EpD.	ALTO	Sen observacións. O conto animado é o de "A orella esquerda de Lea". Tamén publicado na canle de Youtube de Agareso.
IOV 2.6. Ao 10º mes, polo menos 10 vídeos de youtube de temática social creados, editados e publicados polo alumnado.	MEDIO-ALTO	Editados e publicados na canle de Youtube de Agareso 7 vídeos resultado do obradoiro no IES de Brión. Os vídeos tocan diferentes temáticas sociais (feminismo, racismo, cambio climático,...) e teñen un formato adaptado para a plataforma de distribución (cunha duración de entre 20 segundos e 1 minuto e medio).
IOV 2.7. Ao 10º mes, sistematizados os contidos dos talleres educomunicativos en 4 guías didácticas e transferidas ao profesorado participante.	ALTO	Editadas 4 guías didácticas en formato dixital nas que se sistematiza a experiencia dos obradoiros. Recóllense obxectivos, contidos, metodoloxía,... Tamén se inclúen enlaces a recursos útiles que poden axudar ao profesorado a traballar as temáticas e/ou ferramentas nas súas aulas.
IOV 2.8. Ao 10º mes, aumentadas as capacidades educomunicativas de polo menos 60 alumnas e alumnos.	ALTO	Os produtos elaborados durante os obradoiros polo alumnado, así como as opinións recollidas do profesorado entrevistado, amosan que efectivamente melloraron as capacidades educomunicativas de 100 estudantes de primaria e secundaria.

⇒ **RESULTADO 3. Fortalecidas as capacidades e os coñecementos do alumnado universitario galego en materia de cooperación e comunicación para o cambio social con enfoque de xénero** ⇐

Considérase que nesta edición do Escolas Sen Racismo foron fortalecidas as capacidades e coñecementos do estudiantado universitario en canto a cooperación internacional para o desenvolvemento e comunicación social con enfoque de xénero. As actuacións implementadas fixeron posible chegar a un nivel de eficacia alto, acadando todos os indicadores establecidos e logrando o resultado agardado.

Na táboa seguinte preséntase a análise de cumprimento de indicadores para este resultado, adiantando xa que foron alcanzados os catro. Se ben cabe mencionar que para verificar a inclusión do enfoque de xénero nas actividades formativas non se conta con ningún indicador específico, algo recomendable para futuras formulacións xa que proporcionan solidez e formalidade ao traballo en materia de xénero.

Non obstante, ao analizar o programa do *Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional* atópase unha xornada cunha temática específica de xénero. Así mesmo, na xornada que inclúe a visita do Sur contouse coa participación de representantes do Centro de Estudos de la Mujer de Honduras e, tamén, e relatora que impartiu a xornada 8 (medios de comunicación, publicidade e afrodescendencia) é unha colaboradora da comunidade Afroféminas (organización que nace co obxectivo de dar voz ás mulleres negras de fala hispana). Por todo elo, se ben non se atopa ao analizar os indicadores da matriz do marco lóxico, pódese afirmar que o enfoque de xénero si se integrou no desenvolvemento deste resultado.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV3.1. Ao finalizar o proxecto, 35 alumnas e alumnos universitarios contan con coñecementos sobre cooperación e comunicación para o cambio social con enfoque de xénero.	ALTO	No marco desta edición do proxecto, un total de 43 estudantes de universidade (77% rapazas) participaron en actividades de formación sobre a temática mencionada.
IOV3.2. Ao 10º mes, 20 estudantes (cando menos a metade rapazas) participan nun Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional de 40 horas lectivas de carácter teórico.	ALTO	Nesta edición do Seminario o número de alumnado participante resulta un éxito, chegando a un total de 27 estudantes (74% rapazas). A duración do mesmo é de 40 horas, impartindo un total de 10 sesións de 4 horas casa unha.
IOV3.3. Ao finalizar o proxecto, polo menos 3 dos 20 alumnos/as do Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional terán participado nunha estancia de 8 días en Marrocos.	ALTO	3 foron as persoas que realizaron a visita a Marrocos no marco do Seminario (2 rapazas e 1 rapaz) durante o mes de xuño de 2018. Pódese verificar nas certificacións emitidas por Agareso, nas publicacións realizadas sobre a viaxe na súa web ou redes sociais, así como nos traballos e memorias realizadas polo alumnado.
IOV3.4. Ao 6º mes, polo menos 15 estudantes universitarios/as (cando menos a metade rapazas), participan nun Curso de Introducción á Cooperación e Comunicación de 20 horas lectivas de carácter teórico-práctico.	ALTO	Segundo a listaxe de sinaturas do curso, participaron 16 estudantes (13 rapazas e 3 rapaces) durante dous días en sesión de mañá e de tarde (28 e 29 de abril de 2018)

➤ **RESULTADO 4. Ao finalizar o proxecto, implementado un plan de seguimento e avaliación participativo do proxecto e un plan de comunicación** ⇨

Nesta ocasión, o grao de alcance varía para cada unha das tres áreas que engloba este resultado. Así, obsérvase un cumprimento adecuado en canto á parte de comunicación e proceso de avaliación e uns niveis de eficacia mellorables na parte do plan de seguimento.

En relación ao plan de comunicación, o impacto obtido nesta edición do Escolas Sen Racismo considérase plenamente exitoso. Unha presenza en medios considerable cuantitativa e cualitativamente (9 publicacións e con diversidade en canto aos medios -radio, prensa escrita e televisión), destacando unha entrevista no programa A Revista da TVG o 17 de xullo do 2018. A isto hai que engadir as publicacións periódicas sobre as accións do proxecto a través das canles internas das ONGD coordinadoras, fundamentalmente páxina web e redes sociais, o cal potencia a difusión do proxecto cara ao exterior.

A maiores do clipping de prensa aportado por Agareso, hai indicios para pensar que a repercusión mediática puido ser maior. Por exemplo, na visita ao IES Laxeiro observouse un cartaz coa nova publicada en La Voz de Galicia (21/03/2018) na que se falaba do evento de intercambio de experiencias realizado entre este centro e o IES Xulián Magariños. Realizouse a busca por internet pero non se conseguiu atopar a publicación, non obstante cóntase coa imaxe do recorte da prensa escrita.



O proceso de seguimento e avaliación, pola súa banda, pode ser mellorado no futuro para ampliar a súa eficacia. En cando aos mecanismos de avaliación, cóntase cunha liña base que mellora a calidade da avaliación externa final realizada (ademais de axudar na execución da intervención). Así mesmo, as actividades realizadas nos centros na área de comunicación foron avaliadas polo alumnado participante (obradoiros de comunicación nos centros de primaria e secundaria e as formacións ao público universitario), botando en falta o tratamento e análise das respostas. Neste senso poderíase recomendar unha modificación dos indicadores 6 e 7 deste resultado para orientalos, non tanto á realización das enquisas, senón ás valoracións recibidas. Quizais será máis coherente coa lóxica do proxecto o obter unha valoración media de, por exemplo, 7 sobre 10 que contar con 30 cuestionarios realizados. Sobre todo porque, sendo conscientes de que tratar as respostas escapa do ámbito desta

avaliación, ao revisar superficialmente os cuestionarios entregados como fonte de verificación intúese unha satisfacción e valoración de todas as actividades sumamente positiva. Polo que trocar os indicadores neste senso, e dedicando un esforzo á análise dos cuestionarios, fortalecería os resultados da intervención e daríalle maior visibilidade aos logros acadados.

Por último, se ben se conta cunha ferramenta de seguimento útil e uns obxectivos claros e comúns ás dúas ONGD, a nosa percepción externa é que non se atopa instaurado un proceso formal nas entidades para esta tarefa (cun tempo destinado a elo nas planificacións de traballo). Isto afecta, por exemplo, á recompilación de fontes de verificación para os indicadores 3, 4 e 5 deste resultado. Pero tamén á sistematización que se aporta das accións desenvoltas en cada centro ou de que material se emprega realmente nas aulas.

Somos coñecedoras dos ritmos e carga de traballo no sector das ONGD galegas, así como da escaseza de persoal na meirande parte das entidades, polo que entendemos que o tempo destinado ao seguimento non pode chegar ao que todas e todos entendemos como adecuado. Aínda así, resulta preciso mencionalo neste informe a pesares de saber que, dadas as circunstancias actuais, resultaría moi complexo mellorar neste eido.

Con todo, tras as conversas co persoal técnico, isto non significa que non cumpran con esta tarefa senón que, ás veces, realízase dun xeito máis informal debido aos ritmos de traballo internos e externos (sen tempo real para deterse, por exemplo, na posibilidade de acreditar dito traballo posteriormente).

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV4.1. Ao 1º mes , 1 plan de comunicación deseñado e posto en marcha.	ALTO	Deseñado e implementado o plan de comunicación. Cabe sinalar que o plan de comunicación é o mesmo do ano pasado (algo lóxico xa que as condicións son practicamente as mesmas).
IOV4.2. Ao 1º mes, elaborada unha liña de base que involucrou aos grupos meta (profesorado e alumnado).	ALTO	Liña base elaborada coa participación dunha mostra do alumnado e profesorado de 4 centros: CPR Vilas Alborada, IES Milladoiro, IES Laxeiro e CEIP Apóstolo Santiago.

IOV4.3. Ao 10º mes, polo menos 1 xuntanza trimestral de seguimento das actividades realizadas nos 8 centros de ensino.	SEN DATOS VERIFICABLES	Existe un Plan de Seguimento elaborado para este proxecto desde hai varias edicións. Percíbese que a súa implementación non foi do 100%. Así, non se conta con fontes de verificación obxectivas para medir o cumprimento destes indicadores. O documento elaborado pode converterse nunha moi boa ferramenta de xestión (incluíndo modelos de fichas de seguimento de actividades e de reunións) e recoméndase que en futuras edicións se empregue. Non obstante, intúese que este seguimento conxunto cos centros realízase ao longo do curso por medio de canles informais e, maioritariamente, empregando mecanismos non presenciais.
IOV4.4. Ao finalizar o proxecto, polo menos 1 xuntanza de avaliación das actividades realizadas nos 8 centros de ensino.		A pesares de non contar con FVV que xustifique o cumprimento deste indicador, das conversas coas entidades consorciadas extráese a idea de que a coordinación e comunicación entre ambas é fluída e continua. O feito de que compartan espazo físico (oficina) corrobora este dato.
IOV4.5. Ao finalizar o proxecto, polo menos 1 xuntanza mensual de seguimento e avaliación realizadas entre o persoal de ACPP e AGARESO.	ALTO	15 enquisas de avaliación realizadas polo alumando do Seminario de Xornalismo Social e Cooperación e 9 enquisas realizadas polo alumnado PCR da UDC.
IOV4.6. Ao finalizar o proxecto, polo menos 35 enquisas de avaliación realizadas do plan de formación dirixido a estudantes universitarios/as.	MEDIO-ALTO	Na totalidade de obradoiros de comunicación realizáronse enquisas de avaliación por parte do alumando, chegando a aportar un total de 101 (en concordancia co IOV2.1 e o IOV2.8). Se ben non é labor desta consultoría realizar o tratamento dos resultados destas enquisas, unha revisión superficial das mesmas amos uns niveis de satisfacción elevados por parte do alumnado en xeral.
IOV4.7. Ao finalizar o proxecto, polo menos 60 enquisas de avaliación realizadas dos obradoiros de comunicación para o desenvolvemento (radio, televisión, TICs e <i>stop motion</i>).	ALTO	Revisado o <i>clipping</i> de prensa entregado por Agareso, constátanse 9 aparicións en medios de comunicación (tanto prensa escrita, como radio e televisión). A actividade que resultou máis atractiva para a prensa, segundo a súa repercusión, foi sen dúbida o Seminario de Xornalismo Social (e as visitas a Marrocos do alumnado). Percíbese un avance significativo en comparanza cos resultados da avaliación realizada o ano anterior. Deste xeito, considérase un éxito consecuencia da aposta do consorcio pola difusión e comunicación do proxecto.
IOV4.8. Ao finalizar o proxecto, polo menos 10 aparicións do proxecto en medios de comunicación.	ALTO	

⇒ **OBXECTIVO ESPECÍFICO. *Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego*** ⇐

En coherencia co analizado ata agora, enténdese que a intervención avaliada contribuíu á consecución do seu obxectivo específico, isto é, melloráronse as capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica en todos os nivel do sistema educativo: infantil, primaria, secundaria e universitaria.

Como xa se mencionou, o número de alumnado participante foi de case un 150%: 1.287 estudantes fronte ás 900 persoas establecidas na formulación. Destas, 43 foron alumnas e alumnos universitarios (a cifra establecida era de 35).

Por último e atendendo ao profesorado, enténdese que coa entrega de novos materiais (guías didácticas dos obradoiros de comunicación, produtos elaborados durante as sesións, axenda escolar feminista,...) e a actualización dos tradicionais do Escola Sen Racismo, se reforza a súa capacidade para traballar nas aulas as temáticas relacionadas dun xeito autónomo.

Como en outras ocasións, a totalidade de profesorado entrevistado considera que a calidade dos materiais entregados é sumamente satisfactoria (en tanto a metodoloxía didáctica, contidos, recursos dispoñibles,...) e pode empregarse con facilidade por todo aquel profesorado interesado, polo que os consideran ferramentas tremendamente útiles para o seu traballo nas aulas.

É importante mencionar tamén que o emprego real destes materiais non se coñece con detalle e non parece ser equilibrado en todos os centros (nin no mesmo centro en diferentes cursos académicos).

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1. Ao finalizar o proxecto, polo menos 900 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, o fenómeno da interculturalidade, a resolución pacífica de conflitos, a igualdade de xénero e a participación social.	ALTO	Como xa se menciona noutros indicadores, participaron un total de 1.287 estudantes de educación infantil-primaria-secundaria (50% rapazas) e 43 do ensino universitario (77% rapazas). Así, o impacto máis cuantitativo considérase acadado con creces. En relación ao impacto máis cualitativo considérase que a consecución puido ser máis variable. Recoñecendo que o ámbito deste estudo é limitado para poder valorar este elemento, o feito de ser un público obxectivo tan amplo provoca que moito do alumnado participase en breves accións o que fai difícil poder chegar a falar de "un proceso de análise crítica" sobre as diferentes temáticas.
IOV2. Ao finalizar o proxecto, melloradas as ferramentas do profesorado da rede de centros Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento para a incorporación da ED na súa práctica educativa.	MEDIO-ALTO	Resulta difícil establecer o grao de cumprimento deste indicador ao non está definido de xeito específico e medible. Asumindo a ambigüidade deste indicador, consideramos un nivel de execución adecuado ao asumir que a entrega de materias didácticos ao profesorado, e o acompañamento que se realiza ao longo do curso, enfócase á consecución do mesmo. Aínda así, como se menciona ao longo deste informe, recoméndase fortalecer e fomentar dun xeito máis activo a implicación do profesorado.
IOV3. Ao finalizar o proxecto, polo menos 35 estudantes universitarios/as recibiron formación e sensibilización en cooperación e comunicación para o desenvolvemento.	ALTO	Segundo o IOV3.1, un total de 43 estudantes (77% rapazas) de universidade participaron en actividades de formación-sensibilización no marco destes proxectos.

En canto ao alumnado, tamén apunta a que esta edición de Escolas Sen Racismo contribuíu á consecución do seu obxectivo específico a valoración aportada polo alumnado participante nesta avaliación. Así, a satisfacción xeral do alumnado co proxecto é sobresaínte. Na táboa 1 obsérvase como 9 de cada 10 estudantes recomendarían as distintas actividades realizadas aos seus compañeiros e compañeiras.

Táboa 1. Porcentaxe de alumnado que recomendaría ou non ás súas compañeiras/os participar no proxecto segundo nivel educativo e sexo.

		SI	NON
PRIMARIA	Nenos	100%	0%
	Nenas	100%	0%
	Subtotal	100%	0%
SECUNDARIA	Nenos	65%	6%
	Nenas	100%	0%
	Subtotal	82%	3%
GLOBAL	Nenos	82%	3%
	Nenas	100%	0%
	Total	91%	1%

Fonte: elaboración propia.

En canto á valoración das actividades realizadas, os datos constatan tamén o alto nivel de satisfacción do alumnado. Nunha escala do 1 ao 5 (sendo 1 non me gustou nada e 5 gustoume moito), as puntuacións medias sitúanse por riba do 4, algo máis alta en primaria que en secundaria (4,5 y 4,2 respectivamente). Na táboa 2 recóllense as valoracións medias por actividade desagregadas por sexo e nivel educativo. É preciso ter en conta que a mostraxe para cada actividade é de un tamaño reducido, polo que a representación da opinión con respecto á totalidade do alumnado debe tomarse con certa prudencia. Non obstante, a tendencia parece clara e debe ser tida en conta.

Ao marxe dos altos niveis de satisfacción, a táboa 2 amosa certa diferenza por sexos xa que a valoración das rapazas é levemente inferior á dos rapaces (ao contrario do ano pasado no que eran elas as que puntuaban máis favorablemente). A excepción é o Obradoiro de Xénero en educación secundaria, no que son elas as que valoran máis positivamente a actividade (un 0,5 máis).

Táboa 2. Valoración media das actividades nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 non me gustou nada e 5 gustoume moito, segundo sexo.

ACTIVIDADES	VALORACIÓN MEDIA		
	Nenos	Nenas	Total
PRIMARIA			
Teatro Foro	4,8	4,6	4,7
Chocolatada Xusta	4,6	4,4	4,5
Obradoiro de Xénero	4,4	4,4	4,4
SECUNDARIA			
Teatro Foro	4,6	4,4	4,5
Obradoiro Comunicación	4,5	3,3	3,9
Obradoiro de Xénero	4,0	4,5	4,3

Fonte: Elaboración propia.

Despois da valoración cuantitativa, tamén propúxose ao alumnado que respondese a tres preguntas abertas, a saber: “*Que cousa ou cousas son as que menos che gustaron?*”, “*Que foi o mellor deste proxecto para ti?*” e “*Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...*”.

A maioría do alumnado non atopou unha resposta ao citar as cousas que menos lles gustaron, mentres outra parte indica como elementos negativos a falta de tempo para traballar máis os temas ou realizar outras actividades similares ás que participaron. Así, obsérvase un nivel de satisfacción excelente, na que as reclamacións van dirixidas a ampliar o tempo e a participación neste tipo de actividades.

Entre as cousas que máis lles gustaron, unha parte importante do alumnado cita as actividades relacionadas con cuestións de xénero e temas relacionados como, por exemplo, os estereotipos, os canons de beleza, os diferentes tipos de amor,... Tamén se indica o fomento do pensamento crítico, a concienciación e o debate como elementos destacables.

As palabras que citaron cando se lles requiriu definir o que supuxo a actividade (ou actividades) que realizaron son as seguintes:

Divertida || Empatizar || Aprender || Que todos somos iguais, **sen violencia**, sen machismo || Emocionante ||
Interesante || Concienciadora || **Imprescindible** ||
Educativa || Esencial || Necesaria || **Queremos igualdade**
 || O amor é libre || Diferente || **Xenial**

3.2. IMPACTO DA INTERVENCIÓN

Co fin de estimar o impacto deste proxecto no alumnado durante o curso 2017-2018, realizamos unha análise comparada da súa posición no momento inicial e no momento posterior á intervención. Para acadar este obxectivo, empréganse os datos recollidos na Liña Base na que participaron o CEIP Apóstolo Santiago (17 estudantes de infantil), CPR Vilas Alborada (22 estudantes de 5º de primaria), IES Laxeiro (24 estudantes de 1º de ESO) e IES Milladoiro (21 estudantes de 1º ESO). Por outra banda, a mostra seleccionada para participar na avaliación está composta por: CPR Vilas Alborada (17 estudantes de infantil e 20 de 6º de primaria), CEIP López Ferreiro (22 estudantes de infantil e 25 de 6º de primaria), IES Laxeiro (12 estudantes de 3º de ESO) e IES Milladoiro (23 estudantes de 2º de ESO e 5 estudantes de 3º de ESO).

O tratamento das respostas segue os mesmos requirimentos metodolóxicos que os empregados na Liña Base. Estruturase nunha matriz de dobre entrada: nun eixo sitúanse os catro bloques temáticos que se traballan no proxecto (cidadanía global, interculturalidade, xestión pacífica de conflitos e igualdade de xénero) e noutro as dimensións da EpD relacionadas cos coñecementos (cognitiva), actitudes e valores (socioemocional) e comportamentos (condutual)⁵. Deste xeito, obsérvase a posición global do alumnado en relación a cada unha das tres dimensións e, tamén, segundo cada unha das temáticas por dimensións⁶.

Indicar que na Liña Base seleccionouse ao alumnado de infantil do CEIP Apóstolo Santiago, mentres que na mostra da avaliación non estivo incluído este centro por razóns alleas ao equipo avaliador (relacionadas, fundamentalmente, co cambio na planificación inicial das actividades programadas por ACPP-AGARESO e o propio centro). Isto complica o proceso de inferencia estatística xa que as conclusións extraídas da comparación de dous mostras non idénticas, aínda que similares, adoecen de certa validez. A cuestión de diferir nos centros seleccionados é un factor relevante, xa que as realidades por centro son moi diversas⁷, e fai

⁵ A matriz e os modelos de cuestionarios realizados poden verse no anexo b do documento "*Liña base do proxecto 'Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego 2016-2017'*".

⁶ Se ben os datos recollidos nos cuestionarios son relativamente escasos atendendo á temática por dimensión, dúas preguntas por temática e dimensión, estes poden debuxar certas tendencias que ofrecen unha lectura de interese para futuras intervencións.

⁷ Con isto facemos referencia, por exemplo, ás diferentes dinámicas dos centros para traballar as temáticas relacionadas coa EpD. Hai centros que poden ter unha programación de centro que fai moito máis fincapé nestas cuestións e destinan un esforzo maior por traballar neste eido nas aulas. Isto, por exemplo, fai que os coñecemento, habilidades ou actitudes do alumnado sexan moi diferentes entre centros con independencia das accións do ESR ou de calquera outra entidade externa.

que as posibles conclusións relacionadas coa análise comparada dos grupos de infantil non sexan estatisticamente significativas.

→ ALUMNADO DE INFANTIL ←

No caso de educación infantil obsérvase unha redución xeral das porcentaxes nas posicións do alumnado en todas as dimensións con respecto ao momento inicial. Sen embargo, os niveis notablemente elevados no momento inicial convidan a pensar que estas porcentaxes están relativamente sobredimensionadas e poden non axustarse axeitadamente á realidade⁸. Tamén hai que considerar, como xa se mencionou, a diferenza da mostra de infantil na Liña Base e na avaliación. Non obstante, os resultados da avaliación permiten achegar unha imaxe xeral da situación do alumnado no momento posterior á intervención realizada no marco do programa de Escolas Sen Racismo.

A táboa 3 mostra uns niveis elevados nas posicións do alumnado nas tres dimensións analizadas, en todos os casos por riba do 72%. Sen embargo, os datos reflexan unha maior permeabilidade do alumnado a nivel socioemocional (case o 85% sitúase nun nivel alto), o que parece razoable tratándose de alumnos de infantil, mentres que a nivel cognitivo e condutual os niveis son menores, do 76,49% e 72,11% respectivamente.

Táboa 3. Comparación da posición do alumnado de infantil nas tres dimensións antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		EDUCACIÓN INFANTIL		
		CONDUTUAL	SOCIOEMOCIONAL	CONGNITIVO
LIÑA BASE	Alto	79,37	88,24	95,59
	Baixo	20,63	11,76	4,41
AVALIACIÓN	Alta	72,11	84,95	76,49
	Baixo	27,89	15,05	23,51

Fonte: Elaboración propia.

⁸ Este dato é outro factor que apoia o punto 3 do apartado 1.4 (condicionantes e límites) en relación a traballar cos nenos e nenas de educación infantil na elaboración da Liña Base e da avaliación. Tamén pode gardar relación co explicado na nota ao pé anterior sobre as diferenzas manifestas entre o alumnado dos centros.

→ ALUMNADO DE PRIMARIA ←


En canto aos alumnos e alumnas de educación primaria, a comparación entre os dous momentos temporais sinala un impacto relevante da intervención. En concreto, obsérvanse cambios substanciais nas posicións do alumnado en dúas das tres dimensións.

No momento inicial, o 95,04% do alumnado situábase nunha posición alta ou media-alta na dimensión condutual, o 81,06% na dimensión socioemocional e o 59,18% na dimensión cognitiva. No momento da avaliación, e tras participar nas actividades propostas, as porcentaxes incrementáanse ao 96,49%, 96,27% e 79,89% respectivamente.

Os datos reflexan un punto de partida magnífico en canto ao comportamento do alumnado, en relación aos coñecementos e actitudes o nivel inicial era inferior. Tras participar nas actividades do proxecto incrementáanse ditos niveis en máis de 15 puntos na dimensión socioemocional e en algo máis de 20 puntos na dimensión relativa aos coñecementos do alumnado. Apréciase, por tanto, un importante efecto das distintas accións.

Por outra banda, como se observa no gráfico 1, débuxase unha tendencia clara en relación ás porcentaxes do alumnado que se sitúa nunha posición alta no momento posterior á intervención: aumentando notablemente en todas nas tres dimensións. Na dimensión condutual (cuns niveis iniciais destacadamente elevados) obsérvase certo desprazamento dende posicións media-altas a posicións altas, o que indica un reforzo ou consolidación de certos comportamentos. Con respecto ás outras dúas dimensións, este efecto de desprazamento prodúcese dende niveis inferiores recollidos no momento inicial, o que indica unha progresión excelente en canto a coñecementos e actitudes.

Gráfico 1. Comparación da posición do alumnado de primaria nas tres dimensións na Liña Base e na Avaliación. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

Na táboa 4 obsérvase como os niveis xerais na dimensión condutual son elevados, sendo as temáticas que maior reforzo experimentaron tras a participación no proxecto (é dicir, nas que se manifesta un incremento das posicións altas a costa de posicións medias ou baixas) as relativas ao glocal e á resolución de conflitos, pasando de un 68,75% a un 86,69% e de un 60,71% a un 83,59% respectivamente.

En relación ás dimensións socioemocional e cognitiva, as táboas 5 e 6 amosan un incremento en todas as temáticas tratadas. A nivel socioemocional as temáticas nas que maior progresión se acadou foron as relativas ao glocal (do 56,49% ao 80,23%), á resolución pacífica de conflitos (do 71,3% ao 94,13%) e á igualdade de xénero (do 69,44% a o 88,54%). No caso das cuestións relacionadas coa interculturalidade, reforzáronse as posicións en algo máis de 4 puntos.

Cabe destacar tamén a posición relativamente baixa en canto a coñecemento nos temas concernentes á visión glocal en comparación co resto de temáticas xa que, tanto na Liña Base como na avaliación, menos do 40% do alumnado sitúase nas posicións altas. Este apunte tería a súa relevancia de cara á adaptación dos contidos tratados en futuras intervencións co fin de potenciar esta liña de traballo que semella máis feble.

Táboa 4. Comparación da posición do alumnado de primaria na dimensión condutual antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN CONDUTUAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	68,75	96,43	60,71	73,26	74,79
	Medio-Alto	25,00	3,57	37,50	14,93	20,25
	Medio-Baixo	6,25	0,00	1,79	6,83	3,72
	Baixo	0,00	0,00	0,00	4,98	1,24
AVALIACIÓN	Alto	86,69	89,32	83,59	77,73	84,33
	Medio-Alto	11,03	7,44	16,41	13,75	12,16
	Medio-Baixo	2,28	1,32	0,00	6,55	2,54
	Baixo	0,00	1,92	0,00	1,96	0,97

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 5. Comparación da posición do alumnado de primaria na dimensión socioemocional antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN SOCIOEMOCIONAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	56,49	87,05	71,30	69,44	71,07
	Medio-Alto	20,19	9,82	6,83	3,13	9,99
	Medio-Baixo	16,35	0,00	0,00	4,98	5,33
	Baixo	6,97	3,13	21,88	22,45	13,61
AVALIACIÓN	Alto	80,23	91,50	94,13	88,54	88,60
	Medio-Alto	14,36	5,87	3,59	6,86	7,67
	Medio-Baixo	4,05	0,00	0,00	3,28	1,83
	Baixo	1,35	2,63	2,28	1,32	1,89

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 6. Comparación da posición do alumnado de primaria na dimensión cognitiva antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN COGNITIVA				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	32,14	40,14	61,34	56,25	47,47
	Medio-Alto	26,34	5,77	3,13	11,61	11,71
	Medio-Baixo	12,95	6,25	9,95	5,36	8,63
	Baixo	28,57	47,84	25,58	26,79	32,19
AVALIACIÓN	Alto	39,22	71,00	79,00	76,27	66,37
	Medio-Alto	17,76	7,19	15,49	13,66	13,52
	Medio-Baixo	16,41	4,20	4,55	4,20	7,34
	Baixo	26,62	17,61	0,96	5,87	12,77

Fonte: Elaboración propia.

Desagregando cada unha das dimensións en función das catro temáticas analizadas (táboa 7), apréciase unha tendencia de progresión excelente en todas elas, aínda que especialmente intensa nas temáticas relativas á xestión de conflitos e á igualdade de xénero, con porcentaxes de mellora por riba do 15%.

Táboa 7. Variación do alumnado situado nunha posición alta segundo dimensión e temática. Porcentaxe.


DIMENSIÓN	TEMÁTICAS			
	Glocal	Intercultur.	Xestión de conflitos	Igualdade de xénero
Conductual	4,0%	-3,2%	1,8%	3,3%
Socioemocional	17,9%	0,5%	19,6%	22,8%
Cognitiva	-1,5%	32,3%	30,0%	22,1%
MEDIA	6,8%	9,8%	17,1%	16,1%

Fonte: Elaboración propia.

Atendendo á distribución por sexos, na dimensión conductual (gráfico 2) as rapazas mostran un nivel inicial superior aos rapaces nas posicións altas, mentres que despois da intervención os rapaces situados nunha posición alta superan en case 4 puntos ás rapazas. Apréciase así un efecto desprazamento dende posicións media-altas a posicións altas maior entre os rapaces, pasando do 23,44% ao 11,18% en homes e do 17,06% ao 13,13% en

mulleres. Esta redución en posicións media-altas revirte directamente en posicións altas, aumentado case 16 puntos entre eles fronte ao aumento de 3 puntos delas. É dicir, no caso das rapazas os datos indican un reforzamento de certos comportamentos previos mentres que no caso dos rapaces existe unha progresión moi marcada. Isto implica que, no momento expost, os niveis acadados polos dous grupos son similares e a situación xeral resulta equilibrada (mitigando a fenda de xénero inicial).

Gráfico 2. Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión condutual segundo sexo. Porcentaxes.




Fonte: Elaboración propia.

No eixo relativo ás actitudes a situación é moi similar: as rapazas parten duns niveis notablemente máis elevados que os rapaces (ao redor dun 85% delas sitúase en posicións altas fronte ao 56,25% dos rapaces). Neste caso apréciase un reforzamento socioemocional no caso das rapazas de máis de 5 puntos, mentres que no caso dos rapaces existe unha intensa progresión de case 30 puntos. Este impresionante incremento non provén de posicións medio-altas como no caso da dimensión condutual, senón que deriva dunhas porcentaxes de partida relativamente elevadas en niveis medio-baixos ou baixos en comparación coas rapazas.

Se ben estes datos deben tomarse con certa precaución, a tendencia amosada é que no caso dos rapaces a participación nas actividades de Escolas Sen Racismo propiciou unha

progresión extraordinaria con respecto á dimensión socioemocional. A situación posterior á intervención é de certo equilibrio entre sexos a partires desta sorte de nivelación do grupo de rapaces, aínda que as rapazas seguen a situarse case 5 puntos por riba dos rapaces.


Gráfico 3. Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión socioemocional segundo sexo. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

Por último, como xa se mencionou, a dimensión cognitiva é a que presenta os niveis máis baixos das tres dimensións. Sen embargo, no gráfico 4 obsérvase que a tendencia segundo sexos é similar ás comentadas anteriormente. No caso das rapazas apréciase un reforzamento de coñecementos previos, xa que a porcentaxe de rapazas que se sitúan en posicións altas increméntase dun 65,25% a un 68,71%. No caso dos rapaces a progresión é marcadamente maior, pasando dun 29,69% a un 64,03%. Destaca o baixo nivel de coñecementos no momento inicial do grupo de rapaces, cun 46,88% que se sitúa no nivel máis baixo de coñecemento, porcentaxe que descende ata o 18,71% despois da intervención.

Gráfico 4. Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión cognitiva segundo sexo. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

→ ALUMNADO DE SECUNDARIA ←

A mostra de alumnado de secundaria está formada por un total de 40 persoas (23 rapazas e 17 rapaces) de 2º e 3º de ESO de dous centros: IES Milladoiro (28 estudantes) e IES Laxeiro (12 estudantes). O criterio de selección da mostra consiste en que, durante o curso 2017-2018, participaron nalgunha das actividades programadas polo Escolas Sen Racismo.


Ao igual que ata agora, para realizar a análise do impacto da intervención procederase a comparar a posición de partida do alumnado, recollida na Liña Base, coa posición no momento posterior á participación no programa.

O gráfico 5 sinala unhas tendencias positivas nas tres dimensións analizadas. Na dimensión condutual apréciase certa estabilidade, o impacto relativo da intervención estímase en torno a 1,41 puntos (do 87,63% de alumnado en posicións medias-altas no momento inicial, ao 89,04% posterior). Nas dimensións socioemocional e cognitiva o efecto semella ser máis intenso, cun aumento de case 4 puntos e 7,3 puntos respectivamente.

En xeral, pode afirmarse que existe un efecto positivo da participación do alumnado de secundaria no proxecto avaliado. Os datos analizados apuntan a un reforzo relevante de

comportamentos, actitudes e coñecementos orientados cara a conciencia crítica e activa como cidadáns e cidadás globais.

Gráfico 5. Comparación da posición do alumnado de secundaria nas tres dimensións na Liña Base e na Avaliación. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

Na táboa 8 móstranse os datos relativos á dimensión condutual nos dous momentos temporais desagregados por temática. Os temas que maior reforzo experimentan (é dicir, obsérvase un aumento maior de alumnado en posicións altas) son a xestión pacífica de conflitos, pasando dun 54,05% a un 70,09%; a interculturalidade, incrementándose dende o 64,52% ao 75,06%; e a igualdade de xénero, pasando dun 56,98% a un 61,86%.

A temática relacionada co glocal indica un retroceso moderado, polo que debe ser tomado en consideración en futuras intervencións á hora de adaptar os contidos ou enfoques para traballar a dimensión global da educación para o desenvolvemento con este alumnado.

En canto á dimensión socioemocional (táboa 9), obsérvanse reforzos moderados en todas as temáticas (aumento de entre 0,4 e 3 puntos porcentuais en posicións altas). A excepción neste caso é a relativa á interculturalidade que destaca cunha progresión moi positiva ao pasar dun 74,43% a un 91,51%.

Na táboa 10 apréciase que a dimensión relativa ao coñecemento experimenta unha tendencia moi similar, sendo a interculturalidade a temática que mellor progresión experimenta (pasando dun 36,57% a un 64,9%). A xestión pacífica de conflitos increméntase en case 4,5 puntos porcentuais e na temática relacionada coa igualdade de xénero o coñecemento alto ascende en 3 puntos. No caso do glocal, o nivel de coñecemento inicial é marcadamente baixo (14,9%), ascendendo ao 25,75% despois da intervención.

De novo, os datos indican un impacto moi positivo das actividades realizadas durante o curso 2017-2018 a través do programa avaliado. Destacan especialmente as cuestións relacionadas coa interculturalidade nas tres dimensións, a pesar de que as sesións destinadas a traballar esta temática de xeito específico son das máis breves (apenas unha sesión de 50 minutos na maioría dos casos), polo que os resultados obtidos son excelentes. Tamén se aprecia un reforzamento relevante das posicións iniciais no eido da convivencia pacífica e na igualdade de xénero. Porén, as cuestións relativas á temática global-local sitúanse como a temática a fortalecer en futuras intervencións dado que, aínda que os datos sinalan unha progresión, os posicionamentos medios sitúanse por debaixo das medias dos outros tres eixos.

Táboa 8. Comparación da posición do alumnado de secundaria na dimensión condutual antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN CONDUTUAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	43,91	64,52	54,05	56,98	54,87
	Medio-Alto	31,14	27,33	41,32	31,28	32,76
	Medio-Baixo	16,41	5,87	1,32	5,87	7,37
	Baixo	8,54	2,28	3,32	5,87	5,00
AVALIACIÓN	Alto	35,74	75,06	70,09	61,86	60,69
	Medio-Alto	43,09	20,91	26,22	23,19	28,35
	Medio-Baixo	11,70	4,03	3,69	11,26	7,67
	Baixo	9,46	0,00	0,00	2,60	3,02

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 9. Comparación da posición do alumnado de secundaria na dimensión socioemocional antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN SOCIOEMOCIONAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	51,68	74,43	44,53	68,37	59,75
	Medio-Alto	28,57	17,51	39,37	15,94	25,35
	Medio-Baixo	11,70	4,70	10,19	10,78	9,34
	Baixo	8,05	3,35	5,91	4,91	5,56
AVALIACIÓN	Alto	52,07	91,51	47,76	71,38	65,68
	Medio-Alto	26,07	8,49	40,97	17,79	23,33
	Medio-Baixo	15,98	0,00	10,18	5,63	7,95
	Baixo	5,88	0,00	1,09	5,20	3,04

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 10. Comparación da posición do alumnado de secundaria na dimensión cognitiva antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxes.

		DIMENSIÓN COGNITIVA				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN PACÍFICA DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	14,88	36,57	65,87	81,68	49,75
	Medio-Alto	40,03	20,76	24,95	8,86	23,65
	Medio-Baixo	28,80	14,46	5,57	7,19	14,00
	Baixo	16,30	28,22	3,61	2,28	12,60
AVALIACIÓN	Alto	25,75	64,90	70,30	85,07	61,51
	Medio-Alto	38,80	12,41	21,07	4,42	19,18
	Medio-Baixo	16,64	8,63	5,93	6,67	9,46
	Baixo	18,81	14,06	2,70	3,84	9,85

Fonte: Elaboración propia.

A modo de resumo, na táboa 11 preséntanse as variacións das posicións do alumnado de secundaria entre os dous momentos temporais por temáticas e dimensión. Na liña do que se ven comentando, a interculturalidade é a área que máis progresión experimenta, con 10,7 puntos de media a partir da participación no proxecto. Tamén o glocal amosa un incremento relevante, se ben as posicións de partida sitúanse en niveis relativamente baixos. De forma similar maniféstase a xestión de conflitos e convivencia, que experimenta unha mellora

moderada. No eixo da igualdade entre homes e mulleres, o alumnado de secundaria parece menos permeable á intervención que o alumnado de primaria, polo que esta característica propia debería terse en conta en futuras intervencións, analizando a posibilidade de fortalecer ou adaptar esta liña de actuación.

Táboa 11. Variación das posicións do alumnado de secundaria situado nunha posición alta segundo dimensión e temática. Porcentaxes.


DIMENSIÓN	TEMÁTICAS			
	Glocal	Intercultur.	Xestión de conflitos	Igualdade de xénero
Conductual	3,8%	4,1%	0,9%	-3,2%
Socioemocional	-2,1%	8,1%	4,8%	4,9%
Cognitiva	9,6%	20,0%	0,6%	-1,0%
MEDIA	3,8%	10,7%	2,1%	0,2%

Fonte: Elaboración propia.

Para rematar este apartado, preséntase os resultados do alumnado de secundaria desagregados por sexo, evidenciándose diferenzas significativas no impacto do proxecto nas tres dimensións analizadas.

Na dimensión relativa a comportamentos (gráfico 6), as rapazas parten dun nivel inicial de case 19 puntos máis alto que os rapaces (64,34% fronte a un 45,39% sitúase en posición alta), mentres que eles tenden en maior proporción a situarse en posicións medias (38,16% sitúase na posición medio-alta fronte a un 27,37% das rapazas). No momento ex-post existe certo desprazamento dende posicións medias ata posicións altas, reducido no caso dos rapaces (case 3 puntos) e máis relevante no caso delas (case de 8,5 puntos). Polo tanto, os datos indican unha maior implicación do grupo de rapazas, xa que mostran unha maior progresión, incluso partindo dun nivel inicial superior ao grupo dos rapaces. Así mesmo destaca o nivel inicial relativamente baixo e o efecto leve da intervención no alumnado masculino de secundaria, o que podería terse en conta co fin de procurar unha maior implicación deste en futuras intervencións.


Gráfico 6. Evolución da posición do alumnado de secundaria na dimensión condutual segundo sexo. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

A liña é similar na dimensión relativa ás actitudes (gráfico 7), onde a situación de partida do grupo de rapazas é máis positiva comparativamente que a dos rapaces (case 20 puntos porcentuais de diferenza entre elas e eles nas posicións altas - 69,40% fronte ao 50,11% respectivamente). Despois da intervención a fenda por sexos continúa existindo na aula xa que, aínda que os dous grupos parecen progresar, o grupo de rapazas amosa ser máis permeable ou estar máis implicado nestas temáticas que o grupo de rapaces (maior progresión). Destaca de novo o baixo nivel inicial do grupo de rapaces e o efecto reducido experimentado tras a intervención, se ben existe certa progresión.

Gráfico 7. Evolución da posición do alumnado de secundaria na dimensión socioemocional segundo sexo. Porcentaxes.




Fonte: Elaboración propia.

Por último, na dimensión relativa ao coñecemento (gráfico 8) obsérvase a mesma tendencia que nas outras dúas dimensións, a saber, as rapazas parten dun nivel de coñecemento superior ao dos rapaces (56,5% fronte a un 42,99% respectivamente). O efecto relativo da intervención provoca un desprazamento na mesma dirección que nas dimensións condutual e socioemocional, e sinala certa progresión dos dous grupos (de 7 puntos no caso das rapazas e de 5 no dos rapaces). Ao remate do proxecto, a realidade na aula continúa a ser desigual xa que as rapazas posiciónanse en niveis moi superiores ao rapaces (o 76,24% das mulleres sitúase nunha posición alta fronte a soamente un 55,12% dos homes).

Todo isto sinala principalmente dúas cuestións: por unha banda, que é preciso coñecer a situación de partida para poder adaptar as intervencións ao alumnado, xa que os datos mostran una fenda por sexo importante en canto aos niveis iniciais; por outra banda, as variacións entre as posicións de partida e finais do alumnado masculino de secundaria amosan tendencias máis febles. A situación acadada ao finalizar o proxecto é de certo equilibrio no referido aos coñecementos, pero non ocorre o mesmo no caso dos comportamentos e as actitudes, onde o alumnado masculino de secundaria amosa niveis marcadamente inferiores ao alumnado feminino, polo que na aula existe certa fenda de xénero neste sentido.

Gráfico 8. Evolución da posición do alumnado de secundaria na dimensión cognitiva segundo sexo. Porcentaxes.



Fonte: Elaboración propia.

4. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

① Como en avaliacións anteriores desta intervención, recoméndase adiantar o comezo do proceso de avaliación ao mesmo curso académico no que se desenvolve o proxecto. Coñecendo as dificultades que isto supón, sobre todo de coordinación e organización nos centros, estamos seguras que se melloraría significativamente a calidade dos resultados.

② En relación ao proceso de avaliación, despois de varios anos seleccionando unha mostra de alumnado e profesorado participante de catro centros educativos, sería interesante contar cunha avaliación máis global da totalidade de centros implicados para corroborar ou non as tendencias percibidas ou ter en conta outras perspectivas xurdidas.

③ Por último e tamén en canto á avaliación, como xa se mencionou anteriormente estudar o impacto da intervención no alumnado de educación infantil resulta complexo (ver apartado 1.4 punto 3). Froito das experiencias dos últimos dous anos, pensamos que o mellor xeito de garantir rigor na recompilación de información neste grupo de idade sería realizar o cuestionario de xeito individual. Non obstante, comprendemos que esta non é unha opción viable por cuestións de tempo e organizativas. Por elo, a recomendación é simplemente ser conscientes de que a interpretación dos datos deste alumnado debe realizarse a modo de orientación global.

④ Se ben o impacto do traballo coas ANPAS non é elevado, cabe destacar o esforzo do consorcio por incorporar ás familias no desenvolvemento do proxecto. Neste senso é importante resaltar que os resultados son mellores que na edición pasada, evidenciando a continuidade de ACPP-AGARESO nesta liña. Por elo a recomendación é persistir neste eido a pesares de que os logros non sexan os agardados, sen caer no desánimo ou frustración, xa que as familias son un pilar fundamental do proceso educativo de nenas, nenos e adolescentes.

⑤ Outra conclusión deste estudo é a evidencia da importante labor de ACPP por incorporar na intervención as propostas dos propios centros, tendencia que xa se manifestou noutras edicións. O reforzo da iniciativa de mediación escolar entre iguais (en Lalín e coa incorporación de Negreira) ou a impartición do obradoiro de xénero adaptado para o

alumnado de primaria son exemplos claros e exitosos disto. Este elemento convértese nunha fortaleza clara da intervención, consolidando as relacións cos centros ao longo dos anos e mantendo o interese do alumnado por continuar participando.

⑥ Froito dos resultados deste estudo, así como das dúas avaliacións anteriores, consideramos que unha das liñas de acción fundamentais a reforzar é a implicación do profesorado: tanto en relación a ampliar o número de docentes que participan nos centros (para evitar depender da vontade de entre 1 e 3 profesoras por centro) como en canto a captar o interese dunha parte máis ampla do claustro para empregar os materiais entregados.

Neste senso, destaca a importancia de mellorar o proceso de seguimento e acompañamento ao longo do curso por parte das entidades coordinadoras, en colaboración co profesorado xa implicado. Poderíase establecer algún tipo de ficha de seguimento a cumprimentar de xeito periódico (unha vez ao mes ou ata por trimestre) para recoller a información de que docentes empregaron os materiais (materia, curso, temática, recomendacións,...).

En relación a este tema, sabemos que esta recomendación pode escapar do marco que establece a matriz de planificación da intervención en senso estrito. As ONGD consorciadas manifestan que esta liña de acción proposta pode escapar da lóxica do Escolas Sen Racismo, a cal establece como finalidade "*a distribución dos materiais e o apoio para o seu uso*" no caso de solicitado o centro. Por elo, esta recomendación debe ser tida en conta unicamente como unha percepción dun axente externo en base a un estudo en profundidade da intervención e tendo en conta moitas e diversas opinións dos actores implicados e que, por suposto, non é totalmente obxectiva (senón que, como todo, ten un elemento subxectivo de análise).

⑦ Como se menciona anteriormente, recoméndase mellorar o proceso interno de seguimento do proxecto (ver análise do resultado 4). Sendo consciente de que o tempo é escaso debido a carga de traballo actual nas ONGD, sería interesante empregar a ferramenta de seguimento xa deseñada (a cal inclúe fichas de seguimento moi útiles).

⑧ En canto á formulación do proxecto, dúas apreciacións:

- › A definición do resultado 3 fala de fortalecer as capacidades e coñecemento de alumnado universitaria en materia de cooperación e comunicación "con enfoque de xénero". Sen embargo, no establecemento de indicadores non se observa ningunha mención a isto.

- Non obstante, ao revisar ao detalle os programas, persoas relatoras,..., percíbese que si se traballa con este enfoque de xeito transversal. Por elo sería recomendable engadir algún indicador neste sentido (por exemplo, temáticas tratadas nas formacións, porcentaxe de mulleres relatoras, traballos finais do alumnado do seminario que inclúan a temática,...) para visibilizar o traballo que si se fai.
- › No resultado 4, pola súa banda, a recomendación pasa pola modificación dos indicadores 6 e 7 para orientalos, non tanto á realización das enquisas, senón as valoracións recibidas. Quizais sería máis coherente coa lóxica do proxecto o obter unha media de, por exemplo, 7 sobre 10 que contar con 30 cuestionarios realizados. Sobre todo, unha vez máis, por visibilizar os éxitos do proxectos xa que realmente os resultados de ditas avaliación parecen sumamente satisfactorios.

A continuación presentamos algunhas das **conclusiones da análise de cuantitativa recompilada entre o alumnado**:

a) Destaca a elevada satisfacción xeral do alumnado: 9 de cada 10 estudantes recomendarían as actividades realizadas aos seus compañeiros e compañeiras. Así mesmo, a valoración das actividades mostra niveles moi altos, por riba dos 4 puntos en media xeral e lixeiramente máis elevada en primaria (4,5) que en secundaria (4,2).

As preguntas abertas constatan este punto xa que a maioría do alumnado non atopou elementos negativos nas actividades. Pola contra, as súas reclamacións teñen que ver principalmente coa limitación do tempo nas actividades ou a participación en máis actividades similares.

Segundo sexo, a valoración das actividades é lixeiramente menor no caso das rapazas, agás no caso do Obradoiro de Xénero que se recibe máis positivamente por parte do grupo de rapazas.

b) No alumando de primaria apréciase un impacto relevante. Os datos reflexan uns niveis iniciais elevados na dimensión condutual e socioemocional, e un nivel medio-alto na dimensión cognitiva. O impacto do programa eleva as porcentaxes das posicións altas en máis de 15 puntos na dimensión socioemocional e algo máis de 20 puntos na dimensión cognitiva, o que indica unha progresión excelente. Ademais apréciase tamén certo efecto reforzo na dimensión condutual, consolidando os comportamentos previos do alumnado.

En relación ás temáticas, destaca o coñecemento relativamente baixo do alumnado en canto á visión local-global en comparación co resto de temáticas, a pesares da intervención realizada. Os niveis iniciais de coñecemento son moi baixos, apenas 3 de cada 10 estudantes demostra un coñecemento sobre a temática.

Segundo sexo, as rapazas mostran niveis iniciais relativamente superiores aos rapaces nas tres dimensións. O efecto da intervención é dobre: obsérvase, por unha banda, un reforzo xeral de comportamentos, actitudes e coñecementos no grupo de rapazas, e, por outra, unha progresión magnífica no grupo de rapaces, producíndose certa nivelación ata niveis altos. Isto provoca unha situación de certo equilibrio nas aulas despois da participación no programa.

c) En canto ao alumnado de secundaria, a tendencia tamén mostra unha impacto positivo nas tres dimensións analizadas: máis escaso na dimensión condutual e máis intenso nas dimensións socioemocional e cognitiva.

En canto ás temáticas, de novo o local-global preséntase como a área a fortalecer en futuras intervencións. Cabe sinalar tamén que, no eixo da igualdade de xénero, o alumnado de secundaria amosa tendencias de cambio máis febles que o alumnado de primaria, recomendando ter isto en conta en futuras intervencións (analizando a posibilidade de fortalecer e/ou adaptar esta liña).

Segundo sexo obsérvanse de novo que as rapazas parten dunha posición máis alta que os rapaces. Neste caso, o efecto relativo da intervención produce unha progresión nos dous grupos, aínda que superior no caso das rapazas que, ao contar ademais cun mellor punto de partida, ten como consecuencia o mantemento da fenda de xénero na aula.

En comparanza co alumnado de primaria, e atendendo aos datos cuantitativos analizados, o impacto da intervención maniféstase con menor intensidade en secundaria. Así, este alumnado parece menos permeable ás cuestións tratadas, especialmente no caso do alumnado masculino (algo que, obviamente, está relacionado co momento de desenvolvemento persoal das e dos adolescentes e pode ser un factor externo á intervención a ter en conta).

5. ANEXO 1: MODELOS DE CUESTIONARIO PARA ALUMNADO

A) Cuestionario para educación infantil

ENQUISA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2017-18. INFANTIL

** Enquisa anónima e confidencial*

CENTRO:

CURSO:

ACTIVIDADE REALIZADA:

NENA:

NENO:

Marca cunha "X" a opción "SI" (estás de acordo) ou "NON" (se non estás de acordo)

	SI	NON
Axudo ás miñas compañeiras e compañeiros cando traballamos en grupo (e non só ás miñas amizades).		
Xogo no patio con nenas e nenos dunha orixe distinta á miña.		
Na clase non interrompo cando falan as miñas compañeiras e compañeiros.		
Na escola, paso o mesmo tempo cos nenos como coas nenas.		
Gústame cando todas as clases nos xuntamos para celebrar unha festa.		
Gústame compartir clase con persoas doutros lugares.		
Eu son igual de importante que os meus compañeiros e compañeiras.		
Gústame ter tantas amigas como amigos.		
Todas as nenas e os nenos do mundo imos á escola.		
Coñezo contos que falan de persoas doutros lugares do mundo.		
Se teño un problema cunha amiga ou amigo, para non enfadarnos o mellor é falar.		
Aos nenos gústalles xogar a cousas diferentes que ás nenas.		
Recomendarías esta actividade a outras compañeiras e compañeiros?		

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...

B) Cuestionario para educación primaria**ENQUISA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2017-18. PRIMARIA**** Enquisa anónima e confidencial***CENTRO:****CURSO:****ACTIVIDADE REALIZADA:****NENA:** **NENO:** **VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:****1: "non estou nada de acordo" || 3: "estou algo de acordo"****2: "estou pouco de acordo" || 4: "estou moi de acordo"**

Axudo ás miñas compañeiras e compañeiros cando traballamos en grupo (e non só ás miñas amizades).	1.....2.....3.....4
Xogo no patio con nenas e nenos dunha orixe distinta á miña.	1.....2.....3.....4
Na clase non interrompo cando falan as miñas compañeiras e compañeiros.	1.....2.....3.....4
Na escola, paso o mesmo tempo cos nenos como coas nenas.	1.....2.....3.....4
Intento que a miña participación na aula mellore a convivencia escolar.	1.....2.....3.....4
Esfórzome en relacionarme con compañeiras e compañeiros doutras culturas.	1.....2.....3.....4
Se vexo que unha compañeira ou compañeiro ten dificultades, bóttolle unha man.	1.....2.....3.....4
No recreo comparto xogos tanto con nenos como con nenas.	1.....2.....3.....4
Gústame cando todas as clases nos xuntamos para celebrar unha festa.	1.....2.....3.....4
Gústame compartir clase con persoas doutros lugares	1.....2.....3.....4
Eu son igual de importante que os meus compañeiros e compañeiras	1.....2.....3.....4
Gústame ter tantas amigas como amigos.	1.....2.....3.....4
Todas as persoas do mundo compartimos un conxunto de valores	1.....2.....3.....4
Non me gusta que se trate mal a certas persoas só por ser doutra cultura	1.....2.....3.....4
Está ben pegarlle a alguén que che ofendeu.	1.....2.....3.....4
É mellor que as mozas non lle leven a contraria á súa parella	1.....2.....3.....4
Todas as nenas e os nenos do mundo imos á escola	1.....2.....3.....4
Coñezo contos que falan de persoas doutros lugares do mundo	1.....2.....3.....4
Se teño un problema cunha amiga ou amigo, para non enfadarnos o mellor é falar.	1.....2.....3.....4
Aos nenos gústalles xogar a cousas diferentes que ás nenas	1.....2.....3.....4
As decisións que tomamos en Galicia afectan aos dereitos das persoas doutros lugares do mundo.	1.....2.....3.....4

VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:**1:** "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"**2:** "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

Sei que algunhas cousas que se din de persoas doutros países e culturas son mentira (ex.: todos os romaneses rouban; todos os xitanos son feirantes; todos os galegos son parvos)	1.....2.....3.....4
Que teñamos diferentes opinións, non é algo positivo nin negativo, depende de como as digamos.	1.....2.....3.....4
As mulleres son máis delicadas e sensibles que os homes, e os homes teñen máis facilidade para os traballos técnicos.	1.....2.....3.....4

Do 1 ao 5, canto che gustaron as seguintes actividades?

ACTIV 1:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 2:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 3:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 4:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 5:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 6:	1.....2.....3.....4.....5

Recomendarías estas actividades a outras compañeiras e compañeiros?

 SI
 NON

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...

C) Cuestionario para educación secundaria**ENQUISA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2017-18. ESO**** Enquisa anónima e confidencial***CENTRO:****CURSO:****ACTIVIDADE REALIZADA:**

NENA:

NENO:
VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:**1:** "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"**2:** "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

Intento que a miña participación na aula mellore a convivencia escolar.	1.....2.....3.....4
Esfórzome en relacionarme con compañeiras e compañeiros doutras culturas.	1.....2.....3.....4
Se vexo que unha compañeira ou compañeiro ten dificultades, bótolle unha man.	1.....2.....3.....4
Comparto o meu tempo de ocio tanto con rapaces como con rapazas.	1.....2.....3.....4
Implícome en actividades sociais que teñen unha influencia positiva na comunidade na que vivo (asociacións culturais, medio ambiente, asociación de barrios, voluntariado, etc).	1.....2.....3.....4
Rexeito todo tipo de comportamentos ou comentarios racistas ou xenófobos.	1.....2.....3.....4
Trato de ser respectuosa/o aínda que teña diferencias de opinións cos meus compañeiros ou compañeiras.	1.....2.....3.....4
Chamo a atención ás miñas amizades se fan chistes sobre mulleres.	1.....2.....3.....4
Todas as persoas do mundo compartimos un conxunto de valores.	1.....2.....3.....4
Non me gusta nada que se trate mal a certas persoas só por ser doutra cultura.	1.....2.....3.....4
Está ben pegarlle a alguén que che ofendeu.	1.....2.....3.....4
É mellor que as mozas non leven a contraria á súa parella.	1.....2.....3.....4
A miña identidade inclúe unha serie de valores que comparto con persoas de todo o mundo.	1.....2.....3.....4
Penso que todas as persoas deberían ter os mesmos dereitos, con independencia do seu país de orixe.	1.....2.....3.....4
Intento poñerme na pel dos meus compañeiros e compañeiras cando temos diferencias de opinións.	1.....2.....3.....4
Denunciaría a un amigo se maltratou á moza coa que sae.	1.....2.....3.....4
As decisións que tomamos en Galicia afectan aos dereitos das persoas doutros lugares do mundo.	1.....2.....3.....4
Sei que algunhas cousas que se din de persoas doutros países e culturas son mentira (ex.: todos os romanos rouban; todos os xitanos son feirantes; todos os galegos son parvos).	1.....2.....3.....4
Que teñamos diferentes opinións, non é algo positivo nin negativo, depende de como as expresemos.	1.....2.....3.....4

VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:**1:** "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"**2:** "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

As mulleres son máis delicadas e sensibles que os homes, e os homes teñen máis facilidade para os traballo técnicos.	1.....2.....3.....4
As desigualdades presentes entre a poboación galega e as desigualdades noutros lugares do mundo teñen causas comúns.	1.....2.....3.....4
Os estereotipos son ideas simples e esaxeradas sobre un grupo de persoas.	1.....2.....3.....4
A mediación é unha oportunidade para resolver diferencias e conflitos.	1.....2.....3.....4
A violencia de xénero é un asunto privado que non ten por que saír da casa.	1.....2.....3.....4

Do 1 ao 5, canto che gustaron as seguintes actividades?

ACTIV 1:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 2:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 3:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 4:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 5:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 6:	1.....2.....3.....4.....5

Recomendarías estas actividades a outras compañeiras e compañeiros?

SI: ___ NON: ___

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...